

ACTA Nº2 DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN NO PROCESO DE ACCESO EN PROPIEDAD DE 1 PRAZA DE OFICIAL VIXILANTE RECADADOR/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OPE 2023). REALIZACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO.

Expte nº 2026/G004/000070

Sendo as 9:00 horas do día 14 de xullo de 2026, reúnense nas oficinas de Actas e Goberno do Excmo. Concello de Lugo, os membros designados/as por acordo 15/55 da Xunta de Goberno Local do 18 de febreiro de 2026.

Mediante acordo 11/94 de data 6 de marzo de 2024, a Xunta de Goberno Local prestou aprobación ás bases específicas para o acceso en propiedade a unha praza de oficial vixiante recadador pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda de acceso libre pertencentes á OPE 2023.

A convocatoria resolvéuse mediante Decreto 2500/2024 do 19 de marzo de 2024 resolvéuse convocar o proceso selectivo e a lista definitiva de admitidos e excluídos aprobouse por Decreto 10207/2025, do 31 de outubro de 2025.

Preside o acto a presidenta suplente, dona Isabel Longarela Ceide, funcionaria do Concello de Ferrol.

Actúan como vogais titulares don Pedro Fernández Agustí, Xefe de Servizo de control financeiro do Excmo. Concello de Lugo, Dona María Jesús Longarela Ceide administrativa do Excmo. Concello de Ferrol e Don Jesús Expósito López, encargado de prazas e mercados do Excmo. Concello de Lugo. Como secretaria titular dona Ana María Rivas García, titular do órgano do apoio da Xunta de Goberno do Concello de Lugo.

En primeiro lugar procédese a comprobar o quórum de asistencia declarándose constituído o Tribunal

I. PROBAS SELECTIVAS.

Dase conta ao tribunal, da base 7º das específicas aprobadas:

“7º.- PROBAS SELECTIVAS

As probas selectivas que deberán superar os aspirantes á praza á que se refiren estas bases específicas son as seguintes:

A) DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO

AMRG

Refª: Acta nº2 Tribunal OFICIAL RECAUDADOR REALIZACIÓN PRIMEIRO EXERCICIO
Asunto: CONSTITUCIÓN DE TRIBUNAL DE SELECCIÓN EN PROCESO DE ACCESO EN
PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE OFICIAL VIXIANTE RECADADOR/A

PRIMEIRO EXERCICIO, teórico: consistirá en contestar un cuestionario de corenta (40) preguntas tipo test, mais tres (3) preguntas de reserva, correspondente ao conxunto do programa, temario de materias comúns e temario de materias específicas, con tres respostas alternativas propostas polo tribunal, das cales só unha delas será correcta. O tempo máximo para a realización do exercicio será de 60 minutos. O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos. Acadarase unha puntuación mínima de 5 puntos cando as respostas correctas se correspondan co 50% da totalidade das preguntas, para o cal se terá en conta que por cada tres (3) respostas incorrectas se descontará unha correcta. A resposta en branco terá puntuación cero.

SEGUNDO EXERCICIO, teórico: consistirá no desenvolvemento por escrito, durante un tempo máximo de 1 hora, de 1 tema de entre 2 extraídos ao chou entre os comprendidos no temario de materias específicas. O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos.

TERCEIRO EXERCICIO, práctico: consistirá na resolución dun ou varios supostos prácticos durante un tempo máximo de 1 hora e media. O dito suposto ou supostos prácticos serán formulados polo tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio correspondente, e estará relacionado cos contidos do programa e coas funcións propias da natureza das prazas. No anuncio de convocatoria deste exercicio, o tribunal determinará os medios materiais dos que deberá ou poderá ir provisto o persoal aspirante para a súa realización.

O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos.

B) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

Na realización deste exercicio e na súa valoración, estarase ao disposto na base décimo cuarta letra C, das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna, aprobadas pola Xunta de Goberno o 15 de novembro de 2023 (BOP nº 278, do 4 de decembro de 2023).

A cualificación final de cada aspirante na fase de oposición será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios."

Acto seguido procédese á elaboración do exame sorteando as distintas preguntas aportadas por cada membro do tribunal con dereito a voto.

O exame resulta ser o seguinte:

1. Constitución Española. Dos seguintes, sinalar cal deles non pode referendar os actos do Rei:

- a) O Presidente do Senado.
- b) Os ministros competentes.
- c) O Presidente do Gobierno.

AMRG

Refª: Acta nº2 Tribunal OFICIAL RECAUDADOR REALIZACIÓN PRIMEIRO EXERCICIO
Asunto: ACTA N.º 2 DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN EN PROCESO DE ACCESO A PRAZA
DE OFICIAL VIXIANTE RECADADOR.

2. Constitución Española. Extinguidas todas as liñas chamadas en Dereito, proverá a sucesión á Coroa:

- a) O Congreso dos Deputados.
- b) As asembleas lexislativas das Comunidades Autónomas.
- c) As Cortes Xerais, na forma que máis conveña aos intereses de España.

3. Constitución Española. En referencia á distribución dos Deputados é falso.

- a) Asignarase unha representación mínima inicial a cada circunscrición, distribuindo os demais en proporción á poboación.
- b) Ceuta e Melilla estarán representadas por un Deputado cada unha.
- c) O Congreso é a Cámara de representación territorial.

4. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, serve con obxectividade aos intereses xerais e actúa con sometemento pleno:

- a) Á Constitución Española, e ao resto do ordenamento xurídico.
- b) Á lei e ao resto do ordenamento xurídico.
- c) Á Constitución española, ao Estatuto de Autonomía, á lei e ao resto do ordenamento xurídico.

5. Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do réxime local. A inscrición no padrón municipal de estranxeiros sen autorización de residencia de longa duración, non pertencentes a un Estado membro da Unión Europea, a Estados parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo ou a outros Estados os que, en virtude dun convenio internacional esténdase o réxime xurídico previsto para os cidadáns dos Estados mencionados anteriormente, deberá ser obxecto de renovación periódica:

- a) Cada ano.
- b) Cada dous anos.
- c) Cada cinco anos.

6. Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo Común. Os interesados poderán aducir alegacións e achegar documentos ou outros elementos de xuízo:

- a) Antes da fase de instrución dos procedementos.
- b) En todo momento.
- c) En calquera momento do procedemento, antes do trámite de audiencia.

7. Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo Común. En todo caso estarán obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas para a realización de calquera trámite, polo menos, os seguintes suxeitos:

- a) As persoas físicas.
- b) Quen represente a un interesado, aínda que éste non estea obrigado a relacionarse coa administración de forma electrónica.
- c) As entidades sen personalidade xurídica.

8. Os mercados deberán contar cunha dotación de infraestrutura e equipamento que garanta que as instalacións se axusten ás normas vixentes sobre:

- a) Sanidade.
- b) Hixiene e medio urbano.
- c) As dúas opcións anteriores son correctas.

9. Segundo o artigo 76 da Lei 13/2010, de 17 de decembro, de comercio interior de Galicia, cal é a resposta incorrecta:

- a) Posto que o número de autorizacións dispoñibles é limitado debido á escaseza de chan público habilitado para ese efecto, a duración das mesmas non poderá ser por tempo indefinido, debendo permitir, en todo caso, a amortización dos investimentos e unha remuneración equitativa dos capitais investidos.
- b) As autorizacións outorgaranse por tempo determinado, sendo o seu prazo máximo de duración de cinco anos prorrogables de forma expresa por idénticos períodos.
- c) As autorizacións outorgaranse por tempo determinado, sendo o seu prazo máximo de duración de cinco anos improrrogables de forma expresa por idénticos períodos.

10. Segundo o disposto no artigo 105 da Lei 13/2010, de 17 de decembro, de comercio interior de Galicia, cal é unha infracción grave, en relación ao exercicio da actividade comercial:

- a) Exercer actividades comerciais en establecementos comerciais individuais ou colectivos que non obtivesen a autorización autonómica á que se refire o artigo 29 cando esta fose preceptiva.

AMRG

Refª: Acta nº2 Tribunal OFICIAL RECAUDADOR REALIZACIÓN PRIMEIRO EXERCICIO
Asunto: CONSTITUCIÓN DE TRIBUNAL DE SELECCIÓN EN PROCESO DE ACCESO EN
PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE OFICIAL VIXIANTE RECADADOR/A

b) Exercer unha actividade comercial sen previa autorización no caso de que esta fose potestativa, non realizar as comunicacións ou notificacións á Administración comercial esixidas pola normativa vixente, incumplir os requisitos establecidos no artigo 5 ou incorrer nalgunha das prohibicións establecidas no artigo 6.

c) Exercer unha actividade comercial sen previa autorización no caso de que esta fose preceptiva, non realizar as comunicacións ou notificacións á Administración comercial esixidas pola normativa vixente, incumplir os requisitos establecidos no artigo 5 ou incorrer nalgunha das prohibicións establecidas no artigo 6.

11. Tendo en conta o disposto no artigo 105 da Lei 13/2010, de 17 de decembro, de comercio interior de Galicia, cal é unha infracción grave, en relación ao exercicio da actividade comercial:

a) Exercer actividades comerciais en establecementos comerciais individuais ou colectivos que non obtivesen a autorización autonómica á que se refire o artigo 29 cando esta fose preceptiva.

b) Negarse ou resistirse a subministrar datos ou a facilitar a información requirida polas autoridades e os seus axentes no exercicio das súas funcións de inspección, cando se efectuase a través de violencia física ou verbal ou calquera outra forma de presión.

c) Cursar información errónea ou claramente insuficiente cando esta se solicite en conformidade coa normativa de aplicación e teña carácter esencial, xérense graves danos ou exista intencionalidade.

12. Tendo en conta o disposto no artigo 106 da Lei 13/2010, de 17 de decembro, de comercio interior de Galicia, cal non é unha infracción moi grave, en relación ao exercicio da actividade comercial:

a) Exercer actividades comerciais en establecementos comerciais individuais ou colectivos que non obtivesen a autorización autonómica a que se refire o artigo 29 cando esta fose preceptiva.

b) Negarse ou resistirse a subministrar datos ou a facilitar a información requirida polas autoridades e os seus axentes no exercicio das súas funcións de inspección, cando se efectuase a través de violencia física ou verbal ou calquera outra forma de presión.

c) Exercer unha actividade comercial sen previa autorización no caso de que esta fose preceptiva, non realizar as comunicacións ou notificacións á Administración comercial esixidas pola normativa vixente, incumplir os requisitos establecidos no artigo 5 ou incorrer nalgunha das prohibicións establecidas no artigo 6.

13. Segundo o disposto no artigo 107 da Lei 13/2010, de 17 de decembro, de comercio interior de Galicia, cal é a resposta correcta.

a) Entenderase por reincidencia a comisión, no período de tres anos, de máis dunha infracción da mesma natureza, cando así fose declarado por resolución firme.

b) Para cualificar unha infracción como grave só se atenderá á reincidencia en infraccións graves, e a reincidencia en infraccións leves só determinará que unha infracción deste tipo sexa cualificada como grave cando se incorreu en máis de dúas infraccións de carácter leve, cando así fose declarado por resolución firme.

c) Para cualificar unha infracción como moi grave só se atenderá á reincidencia en infraccións graves, e a reincidencia en infraccións leves só determinará que unha infracción deste tipo sexa cualificada como grave cando se incorreu en máis de dúas infraccións de carácter leve, cando así fose declarado por resolución firme.

14. Tendo en conta o artigo 108 da Lei 13/2010, de 17 de decembro, de comercio interior de Galicia:

a) As infraccións reguladas na presente lei prescribirán aos dous anos as cualificadas de moi graves, ao ano as cualificadas de graves e aos seis meses as cualificadas de leves.

b) As infraccións reguladas na presente lei prescribirán aos tres anos as cualificadas de moi graves, aos dous anos as cualificadas de graves e aos seis meses as cualificadas de leves.

c) As infraccións reguladas na presente lei prescribirán aos tres anos as cualificadas de moi graves, ao ano as cualificadas de graves e aos seis meses as cualificadas de leves.

15. Tendo en conta o disposto no artigo 3 do Real Decreto 1334/1999, do 31 de xullo, polo que se aproba a Norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios, non se consideran ingredientes:

a) Os compoñentes dun ingrediente que no curso do proceso de fabricación se eliminasen temporalmente para reincorporalos despois en cantidade que sobrepase o contido inicial.

b) Os aditivos e encimas cuxa presenza nun produto alimenticio se deba unicamente ao feito de que estaban contidos nun ou varios ingredientes do devandito produto, sempre que cumpran xa unha función tecnolóxica no produto acabado.

c) As substancias utilizadas nas doses estritamente necesarias como disolventes ou soportes para aditivos, encimas e aromas.

16. Segundo o artigo 5 do Real Decreto 1334/1999, do 31 de xullo, polo que se aproba a Norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios, cal non é información obrigatoria da etiquetaxe:

a) O modo de emprego, aínda que a súa indicación non sexa necesaria para facer un uso adecuado do produto alimenticio.

- b) Identificación da empresa: o nome, a razón social ou a denominación do fabricante ou o envasador ou dun vendedor establecido dentro da Unión Europea e, en todo caso, o seu domicilio.
c) O lugar de orixe ou procedencia.

17. Segundo o disposto non artigo 7 do Real Decreto 1334/1999, do 31 de xullo, polo que se aproba a Norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios:

- a) A lista de ingredientes estará constituída pola mención de todos os ingredientes en orde decrecente dos seus pesos no momento en que se incorporen durante o proceso de fabricación do produto.
b) A lista de ingredientes estará constituída pola mención de todos os ingredientes en orde crecente dos seus pesos no momento en que se incorporen durante o proceso de fabricación do produto.
c) A cantidade de auga engadida como ingrediente nun produto alimenticio, determinarase subtraendo da cantidade total do produto acabado a cantidade total dos demais ingredientes empregados; esta cantidade poderá non tomarse en consideración se, en peso, excede do 5 por 100 do produto acabado.

18. Tendo en conta o disposto no artigo 9 do Real Decreto 1334/1999, do 31 de xullo, polo que se aproba a Norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios:

- a) A cifra correspondente ao grao alcohólico incluírá dous decimais como máximo e irá seguida do símbolo «% vol» e poderá estar precedida da palabra alcol ou da abreviatura «alc».
b) A cifra correspondente ao grao alcohólico incluírá un decimal como mínimo e irá seguida do símbolo «% vol» e poderá estar precedida da palabra alcol en todo caso sen abreviatura.
c) A cifra correspondente ao grao alcohólico incluírá un decimal como máximo e irá seguida do símbolo «% vol» e poderá estar precedida da palabra alcol ou da abreviatura «alc».

19. Segundo o artigo 10 do Real Decreto 1334/1999, do 31 de xullo, polo que se aproba a Norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios:

- a) A cantidade neta dos produtos alimenticios envasados expresarase en unidades de volume para os produtos líquidos e unidades de masa para os demais.
b) A cantidade neta dos produtos alimenticios envasados expresarase en unidades de masa para os produtos líquidos e unidades de volume para os demais.
c) A indicación da cantidade neta será obrigatoria para os produtos alimenticios sen excepción de ningún tipo.

20. De acordo co artigo 4 da Ordenanza reguladora de prazas e mercados do Concello de Lugo, quen deberá velar polo axeitado mantemento das instalacións comúns:

- a) O Concello de Lugo
b) O Encargado de prazas e mercados
c) As persoas concesionarias e os vendedores do mercado tradicional

21. De acordo ao artigo 8 da Ordenanza reguladora de prazas e mercados do Concello de Lugo, cal é a resposta correcta en relación ao horario:

- a) Os horarios establecidos así como os días sinalados para a actividade do Mercado Tradicional, poderán ser modificados a través de Decreto da Alcaldía que será publicado no BOP, Taboleiro de edictos e Taboleiro de Prazas e Mercados, a fin de lograr a súa máxima difusión. De maneira facultativa, pódese solicitar informe da comisión consultiva.
b) Os horarios establecidos así como os días sinalados para a actividade das Prazas e Mercados municipais, poderán ser modificados a través de Decreto da Alcaldía que será publicado no BOP, Taboleiro de edictos e Taboleiro de Prazas e Mercados, a fin de lograr a súa máxima difusión, previo informe da comisión consultiva.
c) Os horarios establecidos así como os días sinalados para a actividade do Mercado Tradicional, poderán ser modificados a través de Decreto da Alcaldía que será publicado no BOP, Taboleiro de edictos e Taboleiro de Prazas e Mercados, a fin de lograr a súa máxima difusión, previo informe da comisión consultiva.

22. Segundo o artigo número 10 da Ordenanza reguladora de prazas e mercados do Concello de Lugo, cal é a resposta incorrecta en relación ás actividades nos postos de prazas e mercados municipais de abastos:

- a) O desenvolvemento da actividade comercial nas Prazas e Mercados levarase a cabo nos postos de venda que se establezan nas súas instalacións e que serán xestionados unicamente conforme ao disposto na presente Ordenanza.
b) Os postos nas Prazas e Mercados Municipais poderán ser fixos, de ocupación temporal e postos do Mercado Tradicional.
c) Tanto os postos fixos como os de ocupación temporal dedicaranse ao desenvolvemento de actividades de abastos, podendo autorizarse outras comercialmente compatibles.

23. Cal é a reposta correcta de acordo co artigo 10 da Ordenanza reguladora de prazas e mercados do Concello de Lugo?:

AMRG

Refª: Acta nº2 Tribunal OFICIAL RECAUDADOR REALIZACIÓN PRIMEIRO EXERCICIO
Asunto: CONSTITUCIÓN DE TRIBUNAL DE SELECCIÓN EN PROCESO DE ACCESO EN
PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE OFICIAL VIXIANTE RECADADOR/A

- a) Nos postos do Mercado Tradicional, serán os propios produtores, ou persoas ata o segundo grado de familiaridade ou afinidade, os que comercialicen os produtos das súas explotacións.
- b) Nos postos do Mercado Tradicional, serán os propios produtores, ou, unicamente, as persoas en primeiro grado de familiaridade, os que comercialicen os produtos das súas explotacións.
- c) Nos postos do Mercado Tradicional, serán os propios produtores, ou persoas en primeiro grado de familiaridade ou afinidade, os que comercialicen os produtos das súas explotacións.

24. Segundo o artigo 12 da Ordenanza reguladora de prazas e mercados do Concello de Lugo, é unha función dos vixiantes- recadadores de Prazas e Mercados:

- a) Substituír e asumir as funcións do Encargado unicamente nos casos de vacante ou enfermidade.
- b) Colaborar co Encargado baixo a súa dirección, no cumprimento das disposicións que se conteñen na presente ordenanza
- c) Ningunha das respostas anteriores é correcta

25. De acordo co artigo 14 da Ordenanza reguladora de prazas e mercados do Concello de Lugo, queda expresamente prohibido:

- a) A venda de calquera tipo de produto destinado á alimentación sen acreditar a súa orixe e trazabilidade e os demais requisitos que sexan esixibles segundo a lexislación vixente
- b) A venda nos recintos das Prazas e Mercados municipais de abastos de animais vivos, segundo a lexislación vixente e sen excepcións.
- c) A venda de caza ou mariscos durante épocas de veda, aínda que procedan de granxa ou acuicultura.

26. Sinala a resposta correcta conforme ao artigo 14 da Ordenanza reguladora de prazas e mercados do Concello de Lugo:

- a) Non se admitirá o acceso de animais de compañía aos recintos das Prazas e Mercados de abastos, sen excepcións
- b) Queda totalmente prohibida a actuación de revendedores e de vendedores ambulantes con postos móbiles e desmontables, ou outros de calquera tipo instalados no recinto e arredores dos mercados municipais de abastos, ou noutras zonas do municipio sen a debida autorización municipal.
- c) Queda prohibida a extensión da actividade comercial nos espazos asignados a cada posto de venda, así como a disposición de produtos nos espazos de paso, accesos e outros lugares comúns.

27. De acordo co artigo 26, cal é a resposta certa en relación ás obrigas das persoas concesionarias:

- a) Garantir que o posto permaneza aberto durante o horario establecido no Artigo 8º do presente Ordenanza, debendo ter prevista a súa suplencia para os casos de vacante, ausencia ou enfermidade.
- b) Dispoñer no seu posto dos recipientes precisos para os refugallo e lixos xerados pola súa actividade, que serán depositados nos lugares habilitados para tal fin polo Concello.
- c) Facer efectivo o pago das taxas que resulten da aplicación da ordenanza xeral vixente.

28. Conforme ao artigo 72.1 da Lei 13/2010 de comercio interior de Galicia, cal dos seguintes extremos debe figurar necesariamente na ordenanza municipal de venda ambulante?

- a) O réxime de funcionamento do mercado, en todo caso
- b) As previsións do réxime de infraccións
- c) O réxime de autorizacións

29. De acordo co artigo 77 da Lei 13/2010, a dirección que debe expoñerse ao público ten como finalidade:

- a) Permitir a recepción das posibles reclamacións
- b) Facilitar as notificacións da administración
- c) Identificar o domicilio fiscal da persoa comerciante

30. De acordo co artigo 10 da Ordenanza reguladora de espazos públicos dedicados á venda ambulante no Concello de Lugo, quen exercerá a intervención administrativa, as funcións de autoridade, policía e inspección sanitaria en todos aqueles postos situados no mercado:

- a) O Concello de Lugo
- b) A intervención administrativa exerceraa a concellería competente en materia de mercado; a de policía, a policía local; e a inspección sanitaria, a Consellería de Sanidade.
- c) O Concello de Lugo, sen prexuízo do labor inspector doutras administracións competentes nas materias relacionadas co mercado.

31. Como deben ser as portas de emerxencia nos lugares de traballo, segundo o Real decreto 486/1997?

- a) Correderas, se permiten gañar espazo.
- b) Giratorias, sinalizadas correctamente.

c) Deben abrir cara ao exterior e non estar pechadas de maneira que impidan a súa apertura fácil e inmediata en caso de urxencia.

32. Que condición deben cumprir os dispositivos non automáticos de loita contra incendios?

- a) Estar gardados nun cuarto baixo chave para evitar manipulacións.
- b) Situar-se sempre no exterior do edificio.
- c) Ser de fácil acceso e manipulación, e estar sinalizados.

33. Que regula o Real decreto 513/2017?

- a) O Regulamento de instalacións de protección contra incendios.
- b) O réxime xurídico dos plans de igualdade municipais.
- c) As condicións mínimas dos lugares de traballo ao aire libre.

34. Como deben realizarse as operacións de limpeza nos lugares de traballo?

- a) Sempre durante a atención ao público, para que sexan visibles.
- b) Sen constituír unha fonte de risco para quen as realiza ou para terceiras persoas, nos momentos, forma e medios máis adecuados.
- c) Unicamente cando exista unha orde escrita da xefatura.

35. Que esixe o Real decreto 486/1997 en materia de mantemento dos lugares de traballo e instalacións?

- a) Que o mantemento se realice unha vez ao ano.
- b) Que sexan obxecto de mantemento periódico e que se emenden con rapidez as deficiencias que afecten á seguridade e saúde.
- c) Que o mantemento se limite á instalación eléctrica e de gas, no seu caso.

36. Cal é a anchura mínima dos pasillos, segundo o Real decreto 486/1997?

- a) 60 centímetros.
- b) 1 metro.
- c) 1,50 metros.

37. Que se require para os portóns destinados basicamente á circulación de vehículos cando tamén poidan circular peóns?

- a) Que os peóns utilicen o mesmo portón circulando pola marxe dereita.
- b) Que poidan ser utilizados polos peóns sen riscos ou que exista nas proximidades unha porta para peóns, expedita e claramente sinalizada.
- c) Non está permitido a circulación de peóns polos portóns destinados á circulación de vehículos.

38. Cando debe constituírse un Comité de Seguridade e Saúde?

- a) En todos os centros de traballo con independencia do número de persoas traballadoras.
- b) Nas empresas ou centros de traballo que contengan con 50 ou máis persoas traballadoras.
- c) Só nos centros con máis de 100 persoas traballadoras.

39. Como se define a discriminación indirecta por razón de sexo?

- a) A situación en que unha disposición, criterio ou práctica aparentemente neutros pon a persoas dun sexo en desvantaxe particular respecto de persoas doutro sexo.
- b) Calquera trato menos favorable expresamente baseado no sexo.
- c) Unha medida dirixida exclusivamente á mellora da accesibilidade por razóns físicas derivadas da condición sexual.

40. Que principio debe informar, con carácter transversal, a actuación de todos os poderes públicos?

- a) A igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes.
- b) A neutralidade absoluta fronte a calquera desigualdade de feito.
- c) A competencia exclusiva das Administracións Públicas en igualdade.

RESERVA

R.1. Tendo en conta o disposto no artigo 11 do Real Decreto 1334/1999, do 31 de xullo, polo que se aproba a Norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios:

- a) Na etiquetaxe de todo produto alimenticio figurará a data de duración mínima ou, no seu caso, a data de caducidade. A data estará composta pola indicación clara e en orde do día, o mes e o ano. Con todo, no caso dos produtos alimenticios cuxa duración sexa superior a tres meses, pero sen sobrepasar os dezoito meses, bastará indicar o mes e o ano.

AMRG

Refª: Acta nº2 Tribunal OFICIAL RECAUDADOR REALIZACIÓN PRIMEIRO EXERCICIO
Asunto: CONSTITUCIÓN DE TRIBUNAL DE SELECCIÓN EN PROCESO DE ACCESO EN
PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE OFICIAL VIXIANTE RECADADOR/A

- b) Na etiquetaxe de todo produto alimenticio figurará a data de duración mínima ou, no seu caso, a data de caducidade. A data estará composta pola indicación clara e en orde do ano, o mes e o día. Con todo, no caso dos produtos alimenticios cuxa duración sexa superior a tres meses, pero sen sobrepasar os dezaioito meses, bastará indicar o mes e o ano.
- c) Na etiquetaxe de todo produto alimenticio figurará a data de duración mínima ou, no seu caso, a data de caducidade. A data estará composta pola indicación clara e en orde do ano, o mes e o día. Con todo, no caso dos produtos alimenticios cuxa duración sexa inferior a seis meses bastará indicar o día e o mes.

R.2 Tendo en conta o artigo 18 do Real Decreto 1334/1999, do 31 de xullo, polo que se aproba a Norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios:

- a) As indicacións obrigatorias da etiquetaxe dos produtos alimenticios que se comercialicen en España expresaranse, en todo caso, na lingua española oficial do Estado.
- b) As indicacións obrigatorias da etiquetaxe dos produtos alimenticios que se comercialicen en España expresaranse, polo menos, na lingua española oficial do Estado, incluídos produtos tradicionais aínda que se distribúan exclusivamente no ámbito dunha Comunidade Autónoma, con lingua oficial propia.
- c) As indicacións obrigatorias da etiquetaxe dos produtos alimenticios que se comercialicen en España expresaranse, polo menos, na lingua española oficial do Estado. Salvo que sexan produtos tradicionais elaborados e distribuídos exclusivamente no ámbito dunha Comunidade Autónoma con lingua oficial propia.

R.3. Que deben facer as administracións públicas para integrar a igualdade na súa actuación ordinaria?

- a) Actuar mediante campañas voluntarias planificadas.
- b) Cooperar entre elas e integrar activamente o principio de igualdade na adopción e execución das súas disposicións normativas, políticas públicas e actividades administrativas.
- c) Publicar datos estatísticos das medidas adoptadas en materia de igualdade.

A plantilla de respostas correctas é a seguinte:

N.º PREGUNTA	RESPOSTA CORRECTA
1	a
2	c
3	c
4	c
5	b
6	c
7	c
8	c
9	c
10	c

AMRG

Refª: Acta nº2 Tribunal OFICIAL RECAUDADOR REALIZACIÓN PRIMEIRO EXERCICIO
Asunto: ACTA N.º 2 DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN EN PROCESO DE ACCESO A PRAZA
DE OFICIAL VIXIANTE RECADADOR.

11	c
12	c
13	c
14	b
15	c
16	a
17	a
18	a
19	c
20	c
21	c
22	a
23	c
24	c
25	a
26	b
27	b
28	c
29	a
30	c
31	c

AMRG

Refª: Acta nº2 Tribunal OFICIAL RECAUDADOR REALIZACIÓN PRIMEIRO EXERCICIO
Asunto: CONSTITUCIÓN DE TRIBUNAL DE SELECCIÓN EN PROCESO DE ACCESO EN
PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE OFICIAL VIXIANTE RECADADOR/A

32	c
33	a
34	b
35	b
36	b
37	b
38	b
39	a
40	a

RESERVA	
R1	a
R2	c
R3	b

Os aspirantes están convocados á realización do primeiro exercicio o día 14 de xullo ás 13.00 horas na Aula de Novas Tecnoloxías sita na Praza de Anxo Fernández Gómez nº 4 de Lugo.

Realizadas as fotocopias dos exames os membros do Tribunal se desplazan xuntos ao lugar de realización deste primeiro exame.

Efectúase chamamento seguindo a orde da listaxe definitiva de admitidos e excluídos presentándose os seguintes candidatos:

Apelidos e Nome	DNI	Asiste/non asiste
BARROS VALLE, JOSE MIGUEL	***1415**	si
BLANCO SOILAN, ELIAS	***4445**	non
BOUZA LOPEZ, JOSE MARIA	***1920**	si
DIAZ PICO, JAVIER	***1702**	si
DIAZ SANDEZ, MARIA PATRICIA	***3647**	non
DIAZ SANDEZ, MIRIAN	***4885**	non
ESPIÑA PARDEIRO, FERNANDO	***4789**	non
HOEPELMAN SANTANA, ENGELS	***8706**	si
LOPEZ FERNANDEZ, PABLO	***3657**	si
NUÑEZ ASCARIZ, ANGEL	***3915**	non
NUÑEZ GONZALEZ, LUCIA	***3578**	si
PENELA RODRIGUEZ, ANTONIO	***6154**	non
PIN GRAÑA, FERNANDO	***2402**	si
PORTAS MUINELO, CESAR	***4459**	si
RODRIGUEZ LUACES, JOSE MANUEL	***4608**	si
SUAREZ LOPEZ, JORGE	***4420**	non
VEIGA DIAZ, MANUEL ALEJANDRO	***6912**	non

Acto seguido procédese ao reparto dos exames e do papel para a realización dos mesmos que garante o anonimato dos aspirantes. Así mesmo explícase a dinámica do exame segundo as bases aprobadas

O exame desenvólvese entre as 13:30 e as 14:30 facendo un total de 60 minutos.

Acto seguido os membros do tribunal proceden á corrección dos exames. Unha vez rematados estos labores levántanse as solapas que garanten o anónimo resultando os seguintes resultados:

Apelidos e Nome	DNI	Nota do exame tipo test
BARROS VALLE, JOSE MIGUEL	***1415**	4,75
BOUZA LOPEZ, JOSE MARIA	***1920**	4,5
DIAZ PICO, JAVIER	***1702**	4,25
HOEPELMAN SANTANA, ENGELS	***8706**	6,25
LOPEZ FERNANDEZ, PABLO	***3657**	4,00
NUÑEZ GONZALEZ, LUCIA	***3578**	3,75
PIN GRAÑA, FERNANDO	***2402**	7
PORTAS MUINELO, CESAR	***4459**	8,5
RODRIGUEZ LUACES, JOSE MANUEL	***4608**	3,00

II. ACORDOS DO TRIBUNAL


AMRG

Refª: Acta nº2 Tribunal OFICIAL RECAUDADOR REALIZACIÓN PRIMEIRO EXERCICIO

Asunto: CONSTITUCIÓN DE TRIBUNAL DE SELECCIÓN EN PROCESO DE ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE OFICIAL VIXIANTE RECADADOR/A

PRIMEIRO.- Ordear ao servizo de persoal que proceda á publicación da plantilla deste primeiro exercicio:

N.º PREGUNTA	RESPOSTA CORRECTA
1	a
2	c
3	c
4	c
5	b
6	c
7	c
8	c
9	c
10	c
11	c
12	c
13	c
14	b
15	c
16	a
17	a
18	a
19	c

The right side of the page contains several handwritten signatures in blue ink. There are five distinct signatures, some of which are quite stylized and overlapping. They are arranged vertically, with the largest and most complex signature at the bottom.



Concello de Lugo

AMRG

Refª: Acta nº2 Tribunal OFICIAL RECAUDADOR REALIZACIÓN PRIMEIRO EXERCICIO
Asunto: ACTA N.º 2 DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN EN PROCESO DE ACCESO A PRAZA
DE OFICIAL VIXIANTE RECADADOR.

20	c
21	c
22	a
23	c
24	c
25	a
26	b
27	b
28	c
29	a
30	c
31	c
32	c
33	a
34	b
35	b
36	b
37	b
38	b
39	a
40	a

AMRG

Refª: Acta nº2 Tribunal OFICIAL RECAUDADOR REALIZACIÓN PRIMEIRO EXERCICIO

Asunto: CONSTITUCIÓN DE TRIBUNAL DE SELECCIÓN EN PROCESO DE ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE OFICIAL VIXIANTE RECADADOR/A

RESERVA	
R1	a
R2	c
R3	b

SEGUNDO: Resolver a corrección do primeiro exercicio da fase de oposición nos seguintes termos:

Apellidos e Nome	DNI	Nota do exame tipo test
BARROS VALLE, JOSE MIGUEL	***1415**	4,75
BOUZA LOPEZ, JOSE MARIA	***1920**	4,5
DIAZ PICO, JAVIER	***1702**	4,25
HOPELMAN SANTANA, ENGELS	***8706**	6,25
LOPEZ FERNANDEZ, PABLO	***3657**	4,00
NUÑEZ GONZALEZ, LUCIA	***3578**	3,75
PIN GRAÑA, FERNANDO	***2402**	7
PORTAS MUINELO, CESAR	***4459**	8,5
RODRIGUEZ LUACES, JOSE MANUEL	***4608**	3,00

TERCEIRO: Os aspirantes disporán dun prazo de 3 días hábiles para presentar alegacións ou solicitar a revisión da valoración dos seus exercicios.

CUARTO: O Tribunal e os aspirantes quedan convocados para a realización do segundo exercicio o vindeiro día 1 de setembro ás 10:00 horas na Sala de Novas Tecnoloxías do Concello de Lugo sita na Praza de Anxo Fernández Gómez nº 4 de Lugo.

E para que conste asinan a presente acta os membros do tribunal enriba citados, dando por finalizado o acto ás 15.10 horas do día 14 de xullo de 2026 de todo o que como Secretaria do Tribunal dou fe.